



A continuación preséntanse os descontos a aplicar nos servizos de transporte. Para poder beneficiarse do correspondente desconto, a persoa interesada deberá acreditar fidedigna e documentalmente a súa condición. En caso contrario, non se lle aplicará ningún tipo de desconto, debendo pagar a tarifa ordinaria coma calquera persoa viaxeira.

1. PERSOAS MENORES DE 4 ANOS ACOMPAÑADAS: VIAXE GRATUÍTA

As persoas responsables delas (pai, nai, titor ou titora) deberá presentar o DNI ou NIE da persoa beneficiaria ou, no seu defecto, libro de familia.

2. FAMILIA NUMEROSA:

- a. XERAL: DESCONTO DO 20%
- b. ESPECIAL: DESCONTO DO 50 %

As persoas que queiran acollerse a estes descontos deberán presentar o DNI ou NIE, así como a tarxeta acreditativa da condición de familia numerosa na categoría correspondente.

3. PERSOA CON DISCAPACIDADE COMPRENDIDA ENTRE 33 % E 64%: DESCONTO DO 25%

As persoas con discapacidade comprendida entre o 33% e o 64% recoñecida por organismo público deberán acreditar tal condición coa presentación do DNI ou NIE así como de certificado oficial emitido por organismo público onde se recolla a determinación da discapacidade e do seu grao.

Páx. 1 de 1

4. PERSOA CON DISCAPACIDADE $\geq$ 65 %: DESCONTO DO 50%

As persoas con discapacidade igual ou superior ao 65% recoñecida por organismo público deberán acreditar tal condición coa presentación do DNI ou NIE así como de certificado oficial emitido por organismo público onde se recolla a determinación da discapacidade e do seu grao.

5. PERSOA ACOMPAÑANTE DE PERSOA CON DISCAPACIDADE > 33%: VIAXE GRATUÍTA

Para que a persoa acompañante de persoa con discapacidade superior ao 33% recoñecida poida beneficiarse do desconto do 100% sobre a tarifa ordinaria, deberá acreditar a persoa discapacidade previamente o seu carácter de discapacitada e o seu grado de discapacidade.

Mondoñedo (Lugo), a 28 de setembro de 2017